Influencers motrices

Educación Física

5º de Educación Primaria

Índice

A cooperación....2
Características dun bo xogo....2
As entrevistas....3
Fair play ou xogo limpo....4

cREAgal

Concepto de cooperación

A cooperación é unha habilidade esencial para a vida e pódese definir como o acto ou proceso de traballar en conxunto para alcanzar un propósito común, ou lograr un beneficio mutuo.

A cooperación demostra a capacidade para traballar de maneira efectiva e respectuosa con diversas persoas ou equipos, facer compromisos, crear consensos para tomar decisións, asumir responsabilidades compartidas en tarefas colaborativas e valorar as opinións e contribucións individuais doutras persoas, a partir dunha forte identidade individual. As relacións cooperativas teñen unha motivación social e a súa configuración dase máis dende unha "orientación social" ou de "ben común".

Neste REA coopérase para fomentar que todos os nenos e nenas teñan a oportunidade de xogar durante o tempo de recreo, favorecendo a socialización e o ben común dentro do centro.

Características dun bo xogo

Hoxe en día existen unha gran cantidade de xogos entre os que se pode escoller para pasar tempo de forma divertida, con compañeiros/as ou sós.

Pero non todos os xogos son iguais e as características de cada un deles fan que sexan máis axeitados nun momento ou noutro.

Cando xogades a algo o máis importante é divertirse. Pero para iso tedes que estar activos e participativos, se non é así probablemente non esteades a participar de forma moi activa no xogo.

Ben, pois en función de como se organice un xogo o xogador/a vai poder participar máis ou menos... en definitiva, o obxectivo é xogar o maior tempo posible. A continuación, preséntanse 3 características importantes que debe cumprir un xogo. Estas favorecen que o xogador ou xogadora participe máis tempo:

- **Evitar filas longas:** O uso de filas longas é un dos erros que se cometen cando se organizan xogos. Canto máis longa sexa a fila máis tempo de espera terán os xogadores/as, o que implica que participen menos. Evitade filas longas para que os nenos e nenas se movan o maior tempo posible.

- **Evitar xogos de eliminación:** Cando un xogador/a é eliminado córtaselle o tempo de participación, polo tanto, os xogos de eliminación non son recomendables no tempo de recreo, xa que non se dispón de moito tempo e o pouco tempo que ten o neno/a durante o xogo debe poder participar ao máximo.

- **Material doado de empregar:** Se o material do xogo dificulta que os nenos e nenas xoguen, vai diminuír o ritmo do xogo, facéndoo máis parado e pouco dinámico. O material debe ser doado de empregar e coñecido polos xogadores e xogadoras.

- **Evitar rotacións complexas:** As rotacións durante un xogo deben ser fáciles de comprender para o alumnado. Se hai moitas rotacións e non son doadas de comprender por todos os posibles participantes o ritmo do xogo vai diminuír, facendo que sexa menos dinámico.

As características citadas débense ter en conta á hora de propoñer xogos, sexan para o patio ou para as sesións de Educación Física.

As entrevistas

Unha entrevista é un intercambio de ideas ou opinións mediante unha conversación que se dá entre dúas ou máis persoas. Todos as persoas presentes nunha entrevista dialogan sobre unha cuestión determinada.

Dentro dunha entrevista pódense diferenciar dous roles:

- **Entrevistador:** Cumpre a función de dirixir a entrevista e expón o tema a tratar facendo preguntas. Á súa vez, dá inicio e peche á entrevista.

- **Entrevistado:** É aquel que se expón de maneira voluntaria ao interrogatorio do entrevistador.

Existen entrevistas laborais, xornalísticas ou clínicas. Todas son recíprocas, é dicir, nela o entrevistador expón un interrogatorio estruturado ou unha conversación totalmente libre co entrevistado.

O seu fin é colleitar determinada información ou opinión. Como guía, o entrevistador adoita utilizar un formulario ou esquema con preguntas.

Fair play ou xogo limpo

Fair play é unha expresión do inglés que significa ‘xogo limpo’. É un concepto do mundo dos deportes para referirse ao comportamento honesto e correcto que deben ter os atletas co seu opoñente, o árbitro e os asistentes.

O xogo limpo caracterízase por poñer en primeiro lugar o gusto de competir limpamente e gozar o deporte por encima da ambición de vitoria.

Xogo limpo é ter respecto ao adversario, ao árbitro e ás regras; practicar o xogo limpo, sen trampas, trucos ou simulacións para confundir ao rival ou ao xuíz; non ofender, humillar nin maltratar a ningún participante da contenda, e, moi importante: o xogo limpo é asumir a derrota con dignidade e gozar a vitoria con sinxeleza e respecto.

Así, xestos como un saúdo amigable ao adversario, unha desculpa logo dunha acción indebida, entre outras cousas, son accións que manifestan o espírito de competir limpamente.

O xogo limpo busca ser, fundamentalmente, un modelo de comportamento deportivo que sirva de exemplo aos nenos e adolescentes, pero non só aqueles que se inician no mundo do deporte, senón tamén aqueles que poderían copiar estas condutas e levalas á vida social.

O obxectivo fundamental do xogo limpo é evitar ao máximo todo tipo de condutas ou comportamentos que afeen a beleza do deporte

Ese tipo de comportamentos, que poden vir non só dos atletas, senón tamén dos dirixentes, os patrocinadores e, mesmo, dos familiares dos xogadores, é o que se busca erradicar co xogo limpo. Distintos organismos no mundo, como a FIFA, promoven o xogo limpo dentro das diferentes disciplinas deportivas.

“Influencers motrices”, proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0